CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura do ODS.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.</li> <li>- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.</li> <li>- Teorías sobre o decrecemento económico.</li> <li>- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O punto de partida será unha avaliación de diagnóstico dos coñecementos previos que desta materia teñan os alumnos. Algúns alumnos/as xa cursaron a materia de Economía en 4º ESO. Outros e é unha materia que cursan por primeira vez pero si teñen conceptos previos relativos xa que os contidos económicos están presentes na vida diaria da sociedade actual; a partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo: é dicir, incorporando novos conceptos de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade económica. Con esta avaliación inicial



tamén se detectarán posibles diferenzas individuais para deseñar a metodoloxía máis adecuada que contemple a atención persoal ao alumno e ao grupo.

Aplicarase o método simbólico e verbalístico que se fundamenta na transmisión do saber, no que o profesor é un axente determinante na aprendizaxe, xunto co método intuitivo que tenta achegarse o máis posible á realidade inmediata do alumno, partindo da realización dunhas actividades experimentais que lle implique dunha forma activa, e mediante o deseño doutras que requiran unha colaboración cos seus compañeiros. Estas técnicas de ensino poden converterse en activas mentres o profesor convértese no orientador da aprendizaxe. Todo iso, contribuirá a lograr unha verdadeira motivación do alumno.

En referencia á forma de razoamento utilizaranse métodos dedutivos nos que o profesor presentará os conceptos, principios ou afirmacións de cada bloque dos que se extraerán unhas conclusións e consecuencias, para posteriormente aplicarlas a casos particulares da actualidade económica extraídas da consulta de noticias en medios audiovisuais e escritos. Desta forma o alumnado verá a Economía como algo próximo e en continua evolución.

O método indutivo, como método activo por excelencia aplicarase á análise de feitos e datos económicos concretos, pasados ou presentes, ademais de análise de experiencias e observacións da contorna do propio alumno, para que así lle axude a alcanzar un razoamento globalizado.

Os recursos metodolóxicos a empregar organizaranse nunha serie de estratexias de ensino-aprendizaxe principalmente heurísticas, e de aproximación razoada, que o profesor deseñará para que conduzan ao alumno para descubrir e a resolver en por si, os problemas que se lle expoñan, e a xerar posibles solucións. A análise e comentario de textos, de noticias económicas, a procura e consulta de diversas fontes de información que ofrecen datos e tendencias sobre as principais magnitudes económicas serán ferramentas útiles para conseguir esta formación na que para iso faise necesario e aconsellable o uso das tecnoloxías da comunicación e información.

A participación do alumnado é a base fundamental da motivación polo que se realizarán por unha banda actividades individuais, e por outro, traballos en grupo heteroxéneos que se expoñerán publicamente ante o resto do alumnado. En todos os bloques temáticos podemos diferenciar contidos nos que se poden utilizar ambas as formas de participación. Na exposición destas actividades fomentarse o uso de ferramentas ofimáticas básicas e valorarase a correcta expresión oral e escrita. Fomentarse tamén os debates na clase procurando a interacción educativa, así conseguiremos fomentar no alumnado o desenvolvemento e sentimento de respecto por opinións distintas, de tal maneira, que posibilite o exercicio da socialización e convivencia.

En xeral, en cada unidade desenvolveranse os seguintes tipos de actividades:

-Actividades de introdución para iniciar o tema. Terán por obxectivo explorar os coñecementos previos do alumno e conseguir a súa motivación. Para levalas a cabo empregaremos técnicas como a choiva de ideas ou os debates sobre cuestións que trataremos sempre que conecten coa súa realidade máis próxima.

-Actividades de desenvolvemento para desenvolver e profundar nos contidos e na adquisición de competencias, á vez que se consolidan os conceptos máis importantes. Trataremos sempre que os contidos reflectan a súa aplicación práctica real e usar estratexias que fomenten a motivación e a interacción dos alumnos no proceso de aprendizaxe.

-Actividades de sínteses e comprobación. As actividades de sínteses permitirán integrar os contidos vistos na unidade, tratando de relacionalos cos adquiridos nas unidades anteriores. Os mapas conceptuais, os glosarios de termos, os cadros de sínteses e a actividade talleres de prensa serán poderosas ferramentas para conseguilo.

En ocasións recorreremos tamén ao uso de xogos e a actividades de repaso e autoavaliación.

-Tendo sempre presente a atención á diversidade, levarán a cabo actividades de reforzo, que permitan superar aos alumnos que o necesiten dificultades na asimilación de e actividades de ampliación ou enriquecemento, respondendo o ritmo de aprendizaxe daqueles alumnos que alcancen os obxectivos de forma máis rápida.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Aula virtual do centro
Material elaborados polo profesorado a partir da bibliografía w webgrafía
Aula de informática

Plans, proxectos e programas do centro.
Prensa diaria, publicacións especializadas e lecturas de contido económico.
Materiais e recursos audiovisuais (cancións, películas)
Recursos didácticos online

A proposta metodolóxica, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento dos contidos de cada unha das unidades, supón a continua utilización de novas de contido económico procedentes da prensa tanto dixital como escrita, co obxectivo de aplicar os coñecementos adquiridos para interpretar a realidade económica que nos rodea.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	7	7	7	7	7	8	8	8	8	8
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	9	8	8	100
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20

#### Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como a suma ponderada das cualificacións obtidas nos instrumentos de avaliación aplicados.

- Probas escritas. A súa media suporá un 80% da nota, posto que en tódalas unidades este instrumento ten esa

ponderación. Cando nunha proba escrita se avalíen os contidos de varias unidades, o peso da mesma dentro de media estará en función das unidades avaliadas. Así por exemplo na primeira avaliación temos 5 unidades, nas que todas teñen o mesmo peso. Se nesa avaliación dúas unidades son avaliadas dentro dunha única proba escrita, o peso da mesma na media será de 2/5.

- Táboa de indicadores. Isto correspóndese coas producións do alumnado. A súa media suporá un 20% da nota. Consistirán nunha ou máis das seguintes:

- Tarefas indicadas pola profesora na aula virtual. A súa cualificación recollerase na propia aula.
- Tarefas realizadas e/ou recollidas na clase. A súa cualificación recollerase no caderno do profesor.
  - Dinámicas na clase : preguntas-respostas, debates...
  - Resolución de problemas e análise de casos prácticos
  - Comentario e análise de novas, textos e produción audiovisual de contido económico.
  - Traballos de investigación.
  - Actividades de síntese

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións (sen redondeo) das avaliacións parciais.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación ordinaria cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial será convocado na data establecida pola profesora, a unha proba escrita de recuperación que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada e suporá o 100% da nota. Enténdese recuperada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo anteriormente explicado. De obterse unha nota inferior, sempre nos quedaremos coa maior nota entre a obtida na avaliación parcial e nesta recuperación.

Tal e como especificamos anteriormente, a cualificación da avaliación ordinaria calcularase como a media das cualificacións das avaliacións parciais. Se unha vez aplicado o redondeo, a nota é inferior a un 5, o alumno poderá presentarse a unha proba final escrita que versará sobre os contidos de todo o curso e que suporá o 100% da nota. Para superala a nota acadada debe ser igual ou superior a un 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Dacordo á lexislación vixente, o alumno matriculado en segundo curso de bacharelato que teña pendente a materia de Economía de primeiro curso ou teña que cursala como pendente, poderá recuperala durante o curso 2023/24 co currículo da materia actual.

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación parcial nas datas establecidas polo centro .

Durante a primeira avaliación o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos nas seguintes unidades didácticas recollidas na programación do curso escolar 2022/2023:

Unidade 1: Economía: a ciencia das decisións.

Unidade 2: Crecemento e organización.

Unidade 3: A empresa e a produción.

Unidade 4: O mercado.

Unidade 5: Tipos de mercados.

Durante a segunda avaliación o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos nas seguintes unidades didácticas:

Unidade 6: O mercado de traballo.

Unidade 7: Indicadores e equilibrio macroeconómico.

Unidade 8 : O papel do Estado

Unidade 9: A s contas do Estado.

Durante a terceira avaliación o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos nas seguintes unidades didácticas:

Unidade 10: O diñeiro e o sistema financeiro.

Unidade 11: A política monetaria.

Unidade 12: O comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea.

Unidade 13: Desequilibrios da economía mundial.

O instrumento de avaliación será nas tres avaliacións unha proba escrita no que se avaliarán os contidos correspondentes ás unidades didácticas especificadas no punto anterior. Para acadar a cualificación positiva en cada unha delas deberase acadar unha nota dun 5 ou superior na proba escrita.

Dado que a cualificación da avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións sen redondeo das avaliacións parciais (cada unha delas puntadas do 0 ao 10).

Para superar a materia na avaliación final esta media ponderada debe ser como mínimo dun 5. Dado que a cualificación da avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Aqueles alumnos/as que non superaron a materia na avaliación final ordinaria, terán dereito a unha avaliación extraordinaria. Esta consistirá nunha proba escrita de contidos teórico-prácticos que representará o 100% da nota. Para superar a materia deberá obter unha nota igual ou superior ao 5 (aplicando o redondeo anterior).

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato haberá que atenderse ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

**Ordinarias.** Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

**Extraordinarias.** Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial e a colaboración co Departamento de Orientación facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc. Tamén dificultades que se poidan derivar da fenda dixital).

Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, agrupamentos flexibles, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar .

De forma xeral dende a nosa materia e a nivel de aula traballaremos con:

-Procedementos e recursos metodolóxicos flexibles que permitan adaptarse aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos.

-Flexibilidade nos tempos de desenvolvemento das actividades en función das necesidades do alumnado.

-Combinación de diferentes agrupamentos en función da actividade para realizar, desde o traballado individual ao traballo por parellas ou en grupo, priorizando os grupos heteroxéneos e favorecendo a cooperación e a titoría entre iguais.

-Instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

-Introdución de actividades en cada unidade didáctica en orde ascendente de dificultade.

-Deseño de actividades de reforzo para os alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe nalgunha ou algunhas unidades didácticas. Á vez, elaboraranse actividades de ampliación, que permitan una a profundización en contidos para alumnado cun ritmo de asimilación máis rápido.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero	X					X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade				X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero					X

#### Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla sobre emprendemento no rural	Coñecer experiencias de proxectos de éxito con raíces rurais.	X		
Charla -coloquio con un emprendedor da zona	Motivar ao alumnado coñecendo de primeira man a experiencia dun emprendedor da nosa contorna.			X
Visita a unha empresa de economía social	Coñecer o funcionamento, a implicación e a importancia deste tipo de empresas			X
Obradoiro sobre consumo responsable	Concienciar de que todos somos consumidores: todos decidimos, todos somos responsables		X	

#### Observacións:

As presentes actividades son unha previsión das actividades programadas, se ben algunhas non están totalmente cerradas e poden sufrir modificacións.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.



<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.

### **Descrición:**

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiránse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## **9. Outros apartados**